



A N U N C I O

BOLSA DE TRABAJO DE PERSOAL DOCENTE (PROFESORADO) PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 159 do 19 de agosto de 2010, publícase a convocatoria para a formación dunha bolsa de traballo de persoal docente (profesorado) para o Conservatorio Profesional de Música, así como as bases que rexerán esta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes é de DEZ DÍAS NATURAIS contados a partir do seguinte ao da publicación no BOP. En consecuencia remata o vindeiro día 29 de agosto de 2010.

As bases poderán ser examinadas polos interesados, ademais de no propio BOP, na páxina web do Concello www.vilagarcia.es, no taboleiro de edictos da Corporación, na Secretaría do Concello e nas oficinas do Conservatorio Profesional de Música no Auditorio Municipal (Tfno. 986500916).

Nas Oficinas de Secretaría do Concello facilitarase asemade modelo de instancia/solicitud.

Vilagarcía de Arousa, 19 de agosto de 2010.

M^a Dolores García Giménez
A Alcadesa-Presidenta



BASES / CRITERIOS XERAIS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DOCENTE (PROFESORADO) PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

1º. OBXECTO DA CONVOCATORIA. É obxecto da presente convocatoria a selección, para a formación dunha Bolsa de Traballo e o seu nomeamento de ser o caso, como profesorado para o *Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa*.

A duración estimada do nomeamento será a realización do programa de clases do Conservatorio de Musica para o curso 2010-2011, dende o 1 de setembro de 2010 ata o 31 de xullo de 2011. Aqueles postos de especialidades nos que xa exista persoal desempeñando dito posto, unicamente se procederá á formación da Bolsa de Traballo.

O nomeamento realizarase pola Alcaldesa-Presidenta e poderá ser a tempo parcial ou total, cunha xornada semanal conforme se sinala no anexo específico destas bases (anexo I), segundo a especialidade a contratar. Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e a pagas extraordinarias correspondentes ao subgrupo ou grupo de adscrición segundo a titulación que posúa o profesor seleccionado (Profesor Superior Decreto 2618/1966 e LOXSE, ou Profesor do citado Decreto do 1966), e percibirán asemade as retribucións complementarias correspondentes ao posto base dentro do grupo ou subgrupo de clasificación segundo o punto sexto da resolución da Alcaldesa-Presidenta de data 25 de xuño de 2010 en aplicación do Decreto-Lei 8/2010 de 20 de maio polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público. Estas retribucións serán en función da xornada semanal parcial ou total.



2º REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES. Os/as candidatos/as que soliciten tomar parte na selección deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter a nacionalidade española; no caso de nacionais doutros Estados, reunir os requisitos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril; ser maior de 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas requiridas.
- c) Que non estivera separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- e) Titulación: a especificada no anexo específico destas bases (anexo I). As Titulacións non expedidas en España deberán estar debidamente homologadas.

Todos os requisitos deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e gozar dos mesmos durante todo o proceso selectivo e durante a vixencia da Bolsa de Traballo.

3º SOLICITUDES E PUBLICIDADE. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar a partires do seguinte ó de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra. A publicación tamén será anunciada polo menos nun periódico de tirada en toda Galicia e as Bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Vilagarcía de Arousa, e na web do Concello.

Os/as interesados/as presentarán instancia segundo figura no Anexo II destas bases dirixida a Sra. Alcaldesa, na que farán constar que reúnen os requisitos esixidos na base 2ª.

A solicitude deberá ir acompañada do currículum vitae, os documentos xustificativos que acrediten os méritos que se aleguen e declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

No caso de que a documentación que se achegue sexa en lingua distinta ó castelán ou galego, xuntarse traducción oficial da mesma. No caso contrario non se tomará en consideración.

A documentación que se acompañe será orixinal ou copias compulsadas. De non acreditarse debidamente o mérito que se alegue, este non será tido en conta.



4º ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano convocante dictará unha Resolución declarando aprobada a correspondente lista de admitidos e excluídos. Esta Resolución publicarase nos taboleiros de anuncios do Concello de Vilagarcía e na páxina web do Concello: www.vilagarcia.es. Se dende un primeiro momento non existise ningún/ha excluído/a, ditarase directamente resolución aprobando a lista definitiva de admitidos/as, na mesma resolución determinarase a designación da Comisión seleccionadora e o lugar e data para a celebración da fase de oposición.

Os/as aspirantes excluídos deberán corrixir no prazo requerido, as faltas que se indiquen correspondentes aos documentos preceptivos sinalados nas bases, no caso de que estes non se presentasen no prazo sinalado. No suposto de que os/as interesados/as non presenten a devandita documentación, considerarase que desisten da súa petición.

Unha vez rematado este prazo a Alcaldía ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, determinando así mesmo, lugar e hora de realización da fase de oposición, todo o cal se publicará no Taboleiro de anuncios deste Concello, así como na páxina web www.vilagarcia.es (Taboleiro – Selección de Persoal).

5º DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA. A proba selectiva será segundo o sistema de concurso-oposición e constará de dúas fases, unha primeira fase de concurso - avaliación de méritos - e outra segunda de oposición.

FASE DE CONCURSO.

A fase de concurso do proceso selectivo non pode outorgar unha puntuación superior ao 40% (14 puntos) do conxunto das probas (35 puntos).

Todos os méritos e Titulacións alegadas nesta fase acreditaranse co orixinal ou copia compulsada do orixinal. **Deberán presentarse precedidos dunha relación ordeada dos méritos alegados en cada apartado, documentación presentada e puntuación pretendida.** Nesta fase o Tribunal outorgará ós/ás aspirantes a puntuación correspondente á vista dos méritos que aleguen debidamente xustificadas, conforme ó seguinte baremo:

A.1. Experiencia docente: Por servicios prestados como docente en Conservatorios públicos de titularidade autonómica ou municipal que contén con recoñecemento oficial por parte da



Administración Pública, **1 punto** por curso académico (ano completo), prorrateándose por meses os períodos inferiores. Acreditarse con certificación de servizos prestados, con especificación das funcións realizadas e a súa duración.

- Por servizos prestados como docente en Escolas de Música públicas, Escolas de Música privadas ou en Centros autorizados, que contén con recoñecemento oficial por parte da Administración Pública, **0,50 puntos** por curso académico (ano completo), prorrateándose por meses os períodos inferiores. Acreditarse con certificación de servizos prestados, con especificación das funcións realizadas e a súa duración.

A puntuación máxima deste apartado será de **4,00 puntos**

A.2. **Formación docente:**

Participación en cursos relacionados coa función docente musical convocados polas Administracións Públicas ou Organismos Oficiais:

Cursos de ata 25 horas:	0,10 puntos
Cursos de 26 ata 50 horas:	0,20 puntos
Cursos de máis de 51 horas:	0,30 puntos

A puntuación máxima deste apartado será de **3,50 puntos**

A.3. **Outras titulacións:** Excluída a precisa para presentarse a esta selección

Por Titulación de Licenciado Universitario:	1,00 punto
Por Titulación de Diplomado Universitario:	0,50 puntos

A puntuación máxima deste apartado será de **1,50 puntos**

A.4. **Outros méritos**

- Pola organización, impartición ou coordinación de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa especialidade á que se opta, convocados polas Administracións públicas ou Organismos oficiais: **0,3 puntos por curso**



- Pola organización, participación e colaboración en ciclos de concertos organizados polas administracións públicas ou organismos oficiais 0,3 puntos por cada un
Acreditaranse cos exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas dos mesmos.
- Por publicacións ou artigos de carácter didáctico ou científico relacionados coa especialidade á que se opta, sempre que o autor non sexa o editor dos mesmos: 0,3 puntos por cada unha
Acreditaranse cos exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas dos mesmos.
- Por composición estreada, concertos como autor, concertos ou gravacións, premios en certames, exposicións, festivais ou concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional: 0,3 puntos por cada un
As composicións e as gravacións acreditaranse co depósito legal correspondente. No referente aos concertos será necesario presentar a documentación impresa, programas, críticas, publicacións en prensa ou outro medio de divulgación que o acredite.

A puntuación máxima deste apartado será de **4,00 puntos**

A.5. Coñecemento do idioma galego (Celga).

Consistirá na tradución de dous textos que determinará o tribunal inmediatamente antes da realización do exercicio, un de galego a castelá e outro á inversa.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 30 minutos.

O exercicio clasificarase de APTO ou NON APTO. É necesario para superalo obter a cualificación de APTO.

Estarán exentos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que presenten xunto coa solicitude documento xustificativo de estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

A cualificación de APTO ou a posesión do CELGA 4, suporá un punto para a fase de concurso

A puntuación máxima deste apartado será de **1,00 puntos**



FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación outorgada á fase de oposición non pode ser superior ao 60% (21 puntos) do total do proceso selectivo (35 puntos).

Consistirá na realización de dúas probas:

A) Unha primeira proba consistente na impartición dunha clase a un suposto alumno; o exercicio será determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo e o candidato poderá vir provisto do material didáctico, bibliográfico, así como dos instrumentos musicais que considere oportuno.

Durante a clase pode utilizar os instrumentos que considere oportunos, de ser o caso.

O aspirante disporá de 10 minutos para a preparación e 15 de exposición. A puntuación desta primeira proba debe supoñer no conxunto da fase de oposición un máximo de 13 puntos do total da puntuación de (21 puntos).

B) E dunha segunda proba consistente nunha entrevista persoal e individual dos aspirantes co Tribunal, que versará sobre a experiencia e historia profesional do aspirante, coñecementos dos traballos a realizar, coñecementos dos dereitos e deberes dos empregados públicos, coñecementos da lexislación educativa en vigor, coñecementos dos Planos de estudo LOE da especialidade á que opta o aspirante e, no seu caso, coñecementos básicos da Administración Municipal. A puntuación desta segunda proba non pode supoñer unha puntuación superior a 8 puntos do total da fase de oposición (21 puntos).

Como Anexo III a estas bases figura unha listaxe da lexislación educativa de referencia, así coma o enderezo web onde pode ser consultada.

A data, hora e lugar da celebración da entrevista será ditada por Resolución da Alcaldía, segundo se explicita na base 4ª. Os aspirantes deberán asistir na data e hora sinaladas, provistos do D.N.I. ou documento identificativo.

Ao longo do desenvolvemento da fase de oposición, os/as aspirantes serán chamados por orde alfabética para cada unha das prazas sinaladas no Anexo I a estas bases e seguindo a orde no que se reflicten as mesmas.



6º. COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL. O Tribunal Cualificador desta proba selectiva, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: Un/ha empregado/a público/a

Vogais: Tres empregados/as públicos/as

Secretaria: A da Corporación ou empregado/a no/a que delegue

O Tribunal poderá recabar, se o estimase procedente e conveniente, o asesoramento de un ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da Lei 30/92 L.R.X.A.P. e P.A.C. ou realicen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente, Secretario e un tercio dos vogais.

7º. CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA. As cualificacións adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes a aquel.

A cualificación final da proba selectiva, será a obtida pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na de oposición. O Tribunal formulará a correspondente proposta de contratación a favor do candidato que obtivesen maior puntuación no conxunto da proba selectiva. Así como formulará listaxe ordeada de maior a menor para a formación da Bolsa de Traballo segundo o previsto na base 9ª.

No suposto de empate realizarase un sorteo público para determinar a orde de selección.

8º. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN. Os/as aspirantes seleccionados/as e propostos/as polo Tribunal para seu nomeamento deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos na Base 2ª no prazo que se sinala.



No caso de que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar. Neste caso a Alcaldía poderá acordar a contratación do/a aspirante que obtivera a segunda mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O Concello de Vilagarcía poderá esixir especificamente a documentación acreditativa acerca do requisito de compatibilidade de conformidade coa Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das administracións públicas. Así mesmo poderá oficiar a outras administracións públicas en solicitude da información necesaria a este respecto.

O/a aspirante proposto/a comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

9º XORNADA DE TRABALLO. A xornada de traballo reflíctese en cada unha dos postos ofertados que figuran no anexo específico destas bases (anexo I). Será competencia da Dirección do Conservatorio Profesional de Música a distribución da mesma en días e horas tendo en conta as necesidades e peculiaridades propias do centro. Os/as aspirantes seleccionados, deberán realizar as funcións e traballos que se lle indiquen pola Dirección do centro, así como asistir a todas aquelas reunións, sesións de avaliación, claustros e outros aos que sexan convocados/as. A este respecto será de aplicación o disposto na lexislación educativa en vigor, así como o disposto na lexislación propia da administración local.

10º BOLSA DE TRABALLO.

1. Xurdida a necesidade temporal por terse producido unha baixa, vacante ou por necesidades extraordinarias do servizo de acordo coa lexislación vixente, e previa declaración da necesidade da súa provisión pola Alcaldesa-Presidenta, o Departamento de Persoal determinará as condicións do nomeamento a realizar, que será o que corresponda segundo a lexislación vixente.
2. Ofreceráse ás persoas incluídas na bolsa, seguindo a orde de prelación.
3. A tal efecto, terá que comunicarse ó aspirante que corresponda, o lugar e data no que é preciso que se presente.



4. Se o interesado non manifesta súa conformidade co ofrecemento, entenderase que renuncia ó mesmo, e postergarase ó último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:

a. Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.

b. Enfermidade

Ós efectos da manifestación establecidos no primeiro paragrafo deste punto, os sábados serán considerados días inhábiles.

5. Os aspirantes que aleguen algunha das circunstancias previstas nas letras do punto 4º conservarán a súa posición na bolsa. Sen embargo non recibirán ningunha outra oferta mentres se manteña a circunstancia alegada. Os interesados estarán obrigados a comunicar por escrito a finalización das situacións sinaladas.

6. Os traballadores que cesen nun posto de traballo a resultas da Bolsa de Traballo, incorporaranse automaticamente á bolsa no lugar que lles corresponda.

7. A renuncia do aspirante, unha vez formalizado o nomeamento determinará a súa exclusión da Bolsa de Traballo aínda no suposto de que tal renuncia teña lugar con carácter previo á incorporación ao posto.

8. No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente ou ben, se esgota a bolsa e se prevé a necesidade de cobertura de vacantes, poderase realizar unha convocatoria pública para constituír unha nova bolsa.

9. Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar os seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.

10. A duración das Bolsas de Traballo será ata a creación dunha nova Bolsa para esa mesma categoría profesional ou especialidade, e en todo caso ata o 31 de xullo de 2012. Excepto que por resolución da Alcaldesa-Presidenta se acorde a súa prórroga.

11. A inclusión na Bolsa de Traballo non implica obrigación de ningunha índole por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa co solicitante.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Conservatorio Profesional de Música

Avda. da Mariña, 27
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 500 916 · F 986 504 226
CIF: P/3606000 B
conservatorio@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

12. O Xunta de Persoal poderá solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.

11º. INCIDENCIAS. O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

En Vilagarcía de Arousa a 27 de xullo de 2010.

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo/ M^a Dolores García Giménez



ANEXO I

ANEXO ESPECÍFICO DAS BASES/CRITERIOS XERAIS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DOCENTE (PROFESORADO) PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Posto: **Profesor/a de Canto – Cod. CNT 01**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Canto; Profesor Superior de Canto ou Profesor da mesma especialidade

Tipo de contrato: A tempo parcial de **26,5 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 17 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Canto, Música de Cámara, Idiomas asociados ao canto, Coro, e Educación Auditiva e vocal

Posto: **Profesor/a de Clarinete – Cod. CLR 02**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Clarinete; Profesor Superior de Clarinete ou Profesor da mesma especialidade

Tipo de contrato: A tempo parcial de **25 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 16 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Clarinete

Posto: **Profesor/a de Trompa – Cod. TRM 03**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Trompa; Profesor Superior de Trompa ou Profesor da mesma especialidade

Tipo de contrato: A tempo parcial de **5 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 3 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Trompa



Posto: **Profesor/a de Trombón – Cod. TRB 04**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Trombón; Profesor Superior de Trombón ou Profesor da mesma especialidade

Tipo de contrato: A tempo parcial de **9,5 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 6 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Trombón e Tuba

Posto: **Profesor/a de Violonchelo – Cod. VLC 05**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Violonchelo; Profesor Superior de Violonchelo ou Profesor da mesma especialidade

Tipo de contrato: A tempo parcial de **11 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 7 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Violonchelo

Posto: **Profesor/a de Percusión – Cod. PRC 06**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Percusión; Profesor Superior de Percusión ou Profesor da mesma especialidade

Tipo de contrato: A tempo parcial de **18,5 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 12 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Percusión

Posto: **Profesor/a de Gaita – Cod. GTA 07**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título de Profesor Superior de Instrumentos da Música Tradicional e Popular. Profesor Superior dunha especialidade instrumental ou Profesor da mesma especialidade máis o Título Profesional de Gaita. En caso de non existir solicitude de candidatos cos requisitos anteriormente sinalados,



admitiríanse solicitudes cos seguintes requisitos: Título Profesional de Gaita máis unha Diplomatura en Educación Musical.

Tipo de contrato: A tempo parcial de **12 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 7,5 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Gaita e Conxunto

Posto: **Profesor/a de Piano a xornada completa – Cod. PNO 08**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Piano; Profesor Superior de Piano ou Profesor da mesma especialidade

Tipo de contrato: A tempo completo de **37,5 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 24 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Piano, Piano complementario, Repentización e acompañamento e Pianista acompañante.

Posto: **Profesor/a de Piano a xornada parcial - Cod. PNO 09**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Piano; Profesor Superior de Piano ou Profesor da mesma especialidade

Tipo de contrato: A tempo parcial de **28 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 18 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Piano, piano complementario e pianista acompañante

Posto: **Profesor/a de Violín - Cod. VLN 10**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Violín; Profesor Superior de Violín ou Profesor da mesma especialidade.

Tipo de contrato: A tempo completo **de 37,5 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 24 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Violín, Orquestra/Banda/Conxunto e Música de Cámara



Posto: **Profesor/a de Análise – Cod. ANA 11**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Composición; Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación ou Profesor da mesma especialidade. Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical, Profesor Superior de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento.

Tipo de contrato: A tempo parcial de **15,5 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 10 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Análise, Fundamentos de Composición, Técnicas de composición aplicadas á didáctica e Linguaxe Musical

Posto: **Profesor/a de Harmonía – Cod. HAR 12**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Composición; Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación ou Profesor da mesma especialidade. Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical, Profesor Superior de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento.

Tipo de contrato: A tempo parcial de **18,5 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 12 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Harmonía e Linguaxe Musical

Posto: **Profesor/a de Historia da Música – Cod. HMU 13**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Musicoloxía, Profesor Superior de Musicoloxía, Licenciado en Xeografía e Historia – sección Historia da Música – ou Licenciado en Historia e Ciencias da Música ademais do Título Superior de Piano, Profesor Superior de Piano ou Profesor da mesma especialidade

Tipo de contrato: A tempo parcial de **8 horas semanais**

Xornada lectiva mínima: 5 horas semanais

Previsión de materias a impartir: Historia da Música e Fundamentos de Musicoloxía



BOLSAS DE TRABAJO

Posto: **Profesor/a de Fruta traveseira - Cod. BTF 14**

Posto ocupado – formación dunha Bolsa de Trabajo

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Fruta; Profesor Superior de Fruta ou Profesor da mesma especialidade

Previsión de materias a impartir: Fruta traveseira, Música de Cámara

Posto: **Profesor/a de Guitarra - Cod. BTG 15**

Posto ocupado – formación dunha Bolsa de Trabajo

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co ; Título Superior de Guitarra; Profesor Superior de Guitarra ou Profesor da mesma especialidade

Previsión de materias a impartir: Guitarra, Conxunto, Música de Cámara, Repentización e acompañamento

Posto: **Profesor/a de Saxofón - Cod. BTSX 16**

Posto ocupado – formación dunha Bolsa de Trabajo

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Saxofón; Profesor Superior de Saxofón ou Profesor da mesma especialidade

Previsión de materias a impartir: Saxofón

Posto: **Profesor/a de Trompeta - Cod. BTTR 17**

Posto ocupado – formación dunha Bolsa de Trabajo

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Trompeta; Profesor Superior de Trompeta ou Profesor da mesma especialidade

Previsión de materias a impartir: Trompeta, Orquestra/Banda/Conxunto e Música de Cámara



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Conservatorio Profesional de Música

Avda. da Mariña, 27
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 500 916 · F 986 504 226
CIF: P/3606000 B
conservatorio@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Posto: **Profesor/a de Linguaxe Musical - Cod. BTLM 18**

Posto ocupado – formación dunha Bolsa de Traballo

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical; Profesor Superior de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento ou Profesor da mesma especialidade.

Previsión de materias a impartir: Linguaxe Musical e Piano complementario



ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA/SOLICITUDE

D./^a. _____, con D.N.I. _____, con
endereço en (Rúa/Lugar) _____, núm. _____,
Municipio _____ Provincia _____ Código postal _____
E-mail _____ e Tfns. de contacto: _____,

EXPÓN

Que coñecedor/a da convocatoria de probas selectivas para a “**formación dunha Bolsa de Traxallo de profesorado para o Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa**” que permita atender as necesidades de provisión postos de traballo do Conservatorio Profesional de Música deste Concello,

MANIFESTA

Que coñece as bases ou criterios de selección desta convocatoria

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas citadas bases/criterios de selección.

Que acompaña a documentación requerida.

Por todo isto, SOLICITA

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia/solicitud, e na súa virtude procedan a admitir ao/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia para a praza/posto de traballo _____
con Código _____

Asdo.:

Vilagarcía de Arousa, ____ de _____ de 2010

Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vilagarcía de Arousa



ANEXO III

LEXISLACIÓN EDUCATIVA DE REFERENCIA

De ámbito estatal

- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación
- Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

De ámbito autonómico

- Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.
- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.
- Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos Decretos 196/2007 do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- Circular 4/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.
- Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

Pódese consultar na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

<http://www.edu.xunta.es/ea/eartisticas.php>

Apartado: Ensinanzas de música

Apartado: Lexislación